

DESARMANDO O MEDO

TEMPORALIZACIÓN: 4 SESIÓNS DE CLASE

ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE

1 Cultura da violencia: Violencia nos medios

Obxectivo: ser conscientes da desmesurada transmisión da cultura da violencia nos medios.

Descrición: divídese a clase en tres grupos (é unha separación para repartir os temas: esta actividade parte dunha reflexión individual). Cada persoa de cada grupo recibe unha ficha para completar: as persoas do primeiro grupo analizarán videoxogos e videoclips, as do segundo, películas de televisión e debuxos animados, e as do terceiro, noticias de televisión e de prensa. Cada persoa ten cinco minutos cronometrados para enumerar o número máximo de videoxogos, videoclips, etc, que coñeza, e escribilos nun papel (choiva de ideas). Pasados os cinco minutos, os participantes teñen que considerar se cada un dos materiais enunciados transmite ou non ideas ou actitudes violentas, calcular as porcentaxes e cubrir a ficha da actividade. Unha vez cuberta a ficha, coméntanse as preguntas adicionais con todo o grupo-clase.

Orientacións: a reflexión acerca da actividade comeza de xeito individual. Unha vez contestadas as preguntas, compártense os resultados para animar un pouco o debate. O seguinte dato pode ser de axuda para a reflexión: calcúlase que un neno ou unha nena pode chegar a ver 20.000 mortes violentas na televisión ao longo dunha década.

2 Imaxe do inimigo: Estatuas de medo

Obxectivo: relacionar o medo e os prexuízos cara a outros colectivos coa desconfianza e a guerra.

Descrición: pídeselle á clase que escolla un contexto (non necesariamente armado) que lle resulte próximo e no que se poida identificar a dous bandos ben diferenciados (Barça-Madrid, EEUU-Iraq, homes-mulleres, Israel-Palestina, etc) e divídese a clase en dous grupos de xeito que cada un represente a un destes bandos. O obxectivo de cada equipo é representar dúas imaxes estáticas formadas polas persoas do outro bando. Pídeselle a cada grupo que, ao representar as estatuas colectivas (deben quedar fixas durante uns trinta segundos), unha persoa do grupo saia da imaxe e explique que quixeron representar con ela.

Orientacións: para conformar as estatuas colectivas non hai máis regras ca o feito de que as ditas estatuas teñen que ser estáticas e que deben participar todas as persoas do grupo (se os grupos son moi numerosos ou o tempo é limitado, recoméndase dividilo en dous e que cada sub-grupo cree unha soa imaxe). As estatuas poden representar persoas ou cousas e poden caricaturizar: é recomendable deixar uns dez minutos para poñerse de acordo en que é o que se quere representar. Despois de mostrar as catro imaxes compárase que elementos apareceron en común en cada estatua e cúbrese a táboa. Estas preguntas deberían permitir chegar á conclusión de que todos e todas somos diferentes, pero que non por iso debemos sentirnos ameazados/as. Para acabar, pódese relacionar o exercicio co tema dos conflitos armados: Que ocorre cos conflitos armados? Que exemplos podemos citar nos que se xustificou unha guerra a base de fomentar o medo cara a un colectivo que percibimos como diferente?

3 Armas lixeiras: Longocircuíto

Obxectivo: facerse unha idea do circuíto e a lonxevidade dunha arma lixeira, ver que actores hai implicados no comercio e uso das armas.

Descrición: fórmanse grupos de cinco, repártense os cadros sobre o circuíto dunha arma e pídesese que o ordenen cronoloxicamente e que debuxen no mapamundi o circuíto que seguiu a arma. O pequeno glosario e as preguntas van destinadas a introducir temas de reflexión e debate para comentar con toda a clase.

ATENCIÓN: cómpre fotocopiar a folia que contén os cadros sobre o circuíto das armas.

Orientacións: a existencia do Código de conduta da UE evidencia que as armas non son un produto exportable como calquera outro e que, en cambio, hai que limitar os seus destinatarios.

A presenza do país de comercio triangular e do vendedor ilegal permite evidenciar que, aínda que hai países aos que o Código de conduta lle prohíbe exportar armas, estas poden chegar ata eles pasando por países con regulacións de comercio de armas máis laxas e que permiten o comercio triangular: así burlan os obxectivos do Código.

Outro tema para comentar é por qué se cre que en realidade o circuíto non acaba coa morte da primeira vítima: unha especificidade das armas lixeiras é que, a diferenza das armas químicas, biolóxicas e nucleares, son operativas durante moitos anos cun custo de mantemento case nulo. Isto fai que a mesma arma poida ser utilizada e revendida máis dunha vez, o que provoca vítimas en máis dun contexto armado.

4 Consecuencias do uso das armas: Tres consecuencias e unha proposta

Obxectivo: evidenciar as consecuencias de que os Estados teñan un gasto militar elevado.

Descrición: pártese de tres documentos para entender tres tipos de consecuencias provocadas por un gasto militar elevado. Pedirle ao alumnado que responda as preguntas que acompañan a estes tres documentos en grupos de cinco ou seis persoas.

Orientacións: unha vez contestadas as preguntas, poden comentarse as conclusións para asegurarse de que os conceptos de gasto militar, proliferación de armas e dividendo de paz se entenderon ben. A adquisición de armas xera unha espiral de desconfianza e leva á proliferación de armas (existencia desmesurada de armas nun territorio) (primeira consecuencia). A segunda consecuencia é que o gasto militar resta outros gastos dos orzamentos do Estado, entre eles, os gastos sociais. O gasto militar non se limita á suma destinada a comprar armamento: tamén inclúe, como explica o texto, gastos de eliminación de minas ou de asistencia ás vítimas. Isto significa que un gasto militar elevado que conduza a unha guerra obriga a ter un gasto militar elevado durante anos (terceira consecuencia). Unha vez comentados os tres tipos de consecuencias observadas, pódese acabar lendo a definición de dividendo de paz como proposta para limitar o gasto militar.

5 Propostas de acción: Fóra de control

Obxectivo: revisar os contidos tratados na clase de xeito creativo.

Descrición: partindo da melodía da canción "Fóra de control", reescribir a letra (ou parte dela) incorporando os contidos que se trataron en clase. Pode ser un traballo individual; logo toda a clase decidirá que fragmentos recollen mellor a idea do monográfico e ordenará os temas para conseguir unha soa canción.

Orientacións: antes de poñerse a escribir pode ser recomendable lembrar os temas que se trataron e as conclusións ás que se chegou en clase.

Animámosvos a participar na proposta de comunicación interescolar por Internet de Intermón Oxfam. No enderezo web [http: www.intermonoxfam.org/conectandomundos](http://www.intermonoxfam.org/conectandomundos) atoparás a proposta detallada de *conectando mundos* para o 1º ciclo de primaria.

Cada 30 de xaneiro, conmemorando o falecemento de Mahatma Gandhi, celébrase o DENIP, Día Escolar da Non-Violencia e a Paz. Propoñémosvos que vos unades, se é que non o fixestes xa, ás numerosas escolas que levan a cabo algunha actividade especial co gallo desta data.

DESARMANDO O MEDO

DÍA

Aínda que se celebra un día concreto, o 30 de xaneiro, en lembranza de Ghandi, o pai da non violencia, o día para a non violencia e a paz debería ser todos os días do ano.

... PARA A

NON VIOLENCIA...

a non violencia é un intento de traducir a palabra india *ahimsa*, usada por Ghandi, e que significa algo así como "acción a favor da paz e sen violencia", que suma dúas ideas: a ausencia de violencia e a loita pola paz.

QUE

É O DENIP?

A sigla DENIP significa: Día Escolar para a Non violencia e a Paz.

... E A PAZ

A paz non é só un estado no que non hai guerra; tamén se fala de paz cando, ademais de non ter guerra, non hai discriminación entre as persoas e existe unha situación de xustiza e de desenvolvemento.

... ESCOLAR...

Lembras que fixo o teu centro para celebrar o DENIP? Que poderías facer este ano en relación co problema das armas?



1 VIOLÊNCIA NOS MÉDIOS

Pensa en videoclips, películas, etc. que vises ultimamente e enche a táboa:

Nome:		
Tipo de medio analizado	<input type="checkbox"/> Videoxogo <input type="checkbox"/> Videoclip <input type="checkbox"/> Película <input type="checkbox"/> Debuxos animados <input type="checkbox"/> Noticias de televisión <input type="checkbox"/> Noticias de prensa	<input type="checkbox"/> Videoxogo <input type="checkbox"/> Videoclip <input type="checkbox"/> Película <input type="checkbox"/> Debuxos animados <input type="checkbox"/> Noticias de televisión <input type="checkbox"/> Noticias de prensa
Lista de materiais	- - - - - - - - - - -	- - - - - - - - - - -
Cantos materiais destes son violentos?	De <input type="text"/> materiais analizados, <input type="text"/> son violentos. Isto representa unha proporción do <input type="text"/> %	De <input type="text"/> materiais analizados, <input type="text"/> son violentos. Isto representa unha proporción do <input type="text"/> %

A continuación reflexiona sobre as seguintes preguntas:

Cantas veces viches unha morte violenta na vida real?


Paréceche que a proporción de material violento que atopaches é alta ou baixa?

Cres que se corresponden cos niveis de violencia do día a día?

Por que pensas que existe esta proporción de violencia nos medios?

2

ESTATUAS DE MEDO



Representade o exercicio das estatuas e enchede en grupo a seguinte táboa.

Como representamos a...?	...o noso grupo	...o outro grupo
Representamos diferenzas dentro de...?		
Representamos o noso grupo de xeito que se visen diferenzas respecto ao outro grupo?		
Cremos que está xustificada a nosa percepción do outro? A que se debe?		

Para terminar, reflexionade e debatede entre toda a clase acerca de que é o que se quixo representar co debuxo que aparece nesta mesma páxina.



REVENDA: en 1968 un grupo criminal brasileiro compra armas españolas a un traficante paraguaio.

AUTORIZACIÓN: en 1962 unha xunta de Goberno decide non autorizar a venda de armas a Brasil, pero si a Paraguai.

EXPORTACIÓN: en 1989 un comprador en Paraguai importa armas procedentes de España.

PRODUCCIÓN: en 1961 diferentes empresas españolas producen revólveres, pistolas e munición destinados á exportación.

UTILIZACIÓN: en varias ocasións ata 1989 as armas españolas utilízanse para levar a cabo asaltos na cidade de Río de Janeiro. Das armas requisadas en Río de Janeiro entre 1994 e 1999, o 27 % son españolas.

REUTILIZACIÓN: no ano 1997 estas armas revéndense en Brasil a unha banda de narcotraficantes de Sao Paulo. Aínda que o 2,8 da poboación mundial é brasileira, o 11 % dos mortos por armas de fogo son brasileiros.

Fonte: elaborado pola *Escola de Cultura de Pau* a partir dun informe de Viva Rio.

Unha vez ordenadas, sinala nun mapa o circuítio que seguiron esas armas.

GLOSARIO

Código de conduta na UE: é un documento da Unión Europea que establece novos criterios orientativos á hora de autorizar ou non unha exportación de armas. O Código establece, por exemplo, que non se deberían exportar armas a países que estean en guerra, que non respecten os dereitos humanos ou a países de comercio triangular.

Países de comercio triangular: aquel país que, segundo o Código de conduta, importa armas que despois reexporta a países que están en guerra ou que non respectan os dereitos humanos. Estes países son os responsables de que as armas cheguen aos países aos que, segundo o Código de conduta, non deberían exportarse.



Contesta as seguintes preguntas baseándote no exemplo anterior:

Por que as armas que vende España non van destinadas a Brasil directamente?

Credes que o Código de conduta é xustificable?

Cal é o país de venda triangular? Que é o que consegue?

Durante canto tempo son operativas esas armas?

Credes que é un tempo de operatividade maior ou menor ca o doutras armas?

TRES CONSECUENCIAS E UNHA PROPOSTA

Le e observa con atención os seguintes documentos:

Gasto público dos Gobernos
(en porcentaxe do orzamento)

Estado	Gasto en educación	Gasto en sanidade	Gasto militar
Islandia	5,4	7,4	0,0
Costa Rica	5,4	5,2	0,0
Xapón	3,6	5,7	0,9
Nova Celandia	7,3	6,3	1,0
Paquistán	2,7	0,7	4,5
Singapur	3,0	1,1	4,8
Turquía	2,2	3,3	4,9
Burundi	4,0	0,6	5,4

Fonte: elaboración da *Escola de Cultura de Pau* a partir do Informe de Desenvolvemento Humano 20003, PNUD

Gastos elevados de hoxe e de mañá. O caso de Bosnia-Hercegovina

Os acordos de paz de Dayton (1995) son unha serie de decisións sobre os aspectos máis importantes da reconstrución de Bosnia-Hercegovina (BH) unha vez acabada a guerra. Estes estableceron tres exércitos paralelos para o país: o serbiobosnio, o bosniocroata e o bosnio, un feito que obrigou ao Goberno de Bosnia-Hercegovina a ter uns gastos militares extremadamente elevados: o 9,5 % do orzamento público en 2001. Considerando que este país ten que dedicar grande parte do seu gasto a reconstruír o país, esta taxa supón unha saída de diñeiro extremadamente desproporcionada. Por iso, no ano 2000 o Goberno decidiu reducir nun 40 % o número de soldados enrolados. A súa desmobilización, non obstante, ten un custo de 45 millóns de dólares, aproximadamente. Ás cantidades derivadas do custo da mobilización e desmobilización de soldados, cómpre sumar o custo do desarmamento. Desde 1998 leváronse a cabo varias campañas de confiscación ou de recolección de armas, co seu custo respectivo, aínda que é a eliminación de minas a que concentra os maiores esforzos: en abril de 2003 o Goberno aprobou unha estratexia de eliminación de minas ata 2010 para conseguir limpar de minas unha superficie dunhas 780 has. consideradas de alto risco. Para facerse realidade, o proxecto necesitaría a colaboración de 40 organizacións internacionais e un orzamento de 308 millóns de dólares.

Fonte: *Escola de Cultura de Pau* a partir de datos de SIPRI Yearbook 2003, p 321, e Landmine Monitor Report 2003, p 115.

Dividendo de paz: Cantidad de redución do gasto militar que se inviste en gastos sociais. Coa caída do muro de Berlín o gasto en armamento reduciuse en todos os países. Este xesto aproveitouse para reclamar que os Gobernos dedicaran esas sumas a gastos sociais. Hoxe –desde meses antes do 11 de setembro– a tendencia do gasto armamentístico volve medrar.

Que conclusións podes sacar da análise da táboa?

Que gastos militares ten que afrontar o Goberno bosnio unha vez acabada a guerra?

Segundo os datos do texto, durante cantos anos despois de acabada a guerra o orzamento do Estado se ve condicionado por gastos relacionados coa guerra?

Que tres consecuencias negativas do gasto militar mostran os documentos anteriores?

Que proposta se lle pode facer aos Gobernos para evitar estes feitos?

Esta é a canción *Fóra de control*, cantada por Beth e Kiko Veneno que podes encontrar no DVD do mesmo nome. Animámosvos a reescribir por grupos algún parágrafo da canción.



Fuera de control

Hay en la calle una fiesta.
 Música que hace la orquesta.
 Oye que "rico" es el tambor, suma tu voz.
 Oye que "rico" es el tambor, suma tu voz.
 Hay mil voces que hablan de un cielo/lleño de
 sueños libres,/hoy, hoy...
 Voces que cantarán más fuerte/que el arma del
 guerrero,/bang, bang...
 Hay mil voces que piensan un mundo/que no
 tiene veneno,/ ya, ya...
 Voces que cantarán tan alto/que salten los
 muros,/paz, paz...
 Fuera de control estamos/y lo queremos cantar
 Ven, suma tu voz,/por la vida y la gente
 Fuera de control estamos/y no queremos callar
 Ven, suma tu voz,/por la vida y su gente
 Y es que merece la pena
 "marchar por la vida ajena"
 y decir con nuestra voz
 que estamos fuera de control
 Lo puedo cantar más alto
 pero no decir tan claro
 que estamos fuera de control
 y que se escuche nuestra voz
 Y en la calle suena un ritmo
 que te invita a ser tú mismo
 para que alces la voz
 te encuentras fuera de control
 Y es que no entiendo de guerras
 ni de armas, ni fronteras
 estamos fuera de control
 así que escucha nuestra voz
 Hay mil voces que hablan de un cielo/lleño de
 sueños libres,/hoy, hoy...
 Voces que cantarán más fuerte/que el arma del
 guerrero,/bang, bang...
 Fuera de control estamos/y lo queremos cantar
 Ven, suma tu voz,/por la vida y la gente
 Fuera de control estamos/y no queremos callar
 Ven, suma tu voz,/por la vida y su gente
 Fuera de control.../y lo queremos cantar
 suma tu voz,/por la vida y la gente
 Fuera de control/y no queremos callar
 suma tu voz,/por la vida y su gente
 Fuera de control
 suma tu voz
 Fuera de control
 suma tu voz.